



Nado en Londres de pais malteses en 1978, **Antoine Cassar** medrou entre Inglaterra, Malta e España, e completou, máis tarde, etapas de formación e de traballo en Italia, Francia e Luxemburgo. Neste último país é onde hoxe reside, dedicándose á tradución profesional.

No ano 2004, despois de trece anos sen apenas pisar as illas maltesas, decidiu regresar á vila da súa familia para reaprender ben unha lingua que xa case tiña esquecida. Convertido en escritor de poesía maltesa, inglesa e mesmo multilingüe, en 2008 participou na Bienal de Novos Creadores Europeos de Puglia. O seu primeiro libro *-Mużajk, an exploration in multilingual verse* (2008)- foi presentado na Feira do Libro de Leipzig e nos festivais de poesía de Copenhague e Berlín. En 2009, a obra *Merħba, un poema de hospitalidade* foi galardoada co premio internacional *United Planet*. O seu poema longo *Passaport* (2009), impreso na forma dun 'antipasaporte' válido para todos os pobos e todas as paisaxes, ten sido publicado e presentado en oito idiomas e en tres continentes, e foi adaptado para o palco en Malta (galardoado cos premios *Best Production* e *Best Actress* no MADC Festival 2010) así como para teatros no sur de Francia. Os beneficios obtidos pola venda do *Pasaporte* van doados a ONGs locais que ofrecen asistencia legal e lingüística a refuxiados e solicitantes de asilo. É o caso de Ecodesarrollo Gaia, ONG coruñesa coa que foi establecida colaboración tras presentarse o *Pasaporte* na Feira do Libro da Coruña en 2010.

O libro máis recente de Antoine Cassar é *Bejn / Between* (2011), unha colección de 33 poemas bilingües en maltés e inglés.

*Entre Ceilán e Sri Lanka,
entre Kalaallit Nunaat e Groenlandia,
entre un kia ora nunha mañá de Aotearoa
e un g'day no acento arrastrado
de Nova Celandia,
atrapado e sen un can
na alfándega de Ruanda
cunha identidade que abala
entre a oferta e a demanda,
entre un déjá vu nunha praza da que nunca oín falar
alfombrada de pétalos de xacarandá
e perdido polas rúas dunha cidade iluminada
pola que vaguei non hai moito,
algo máis mundano
ca nostalgia
dunha illa que nunca visitei
invádeme sutil no balbordo
do aeroporto,
esperando na porta de embarque
sen que o pai a vexa,
unha nena debuxa países novos
nas páxinas en branco
do pasaporte (...)*



(ANTOINE
CASSAR)

Luns 30 de decembro
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |





Fran Alonso (Vigo, 1963) é poeta, narrador, editor e xornalista, cunha obra literaria que está sempre na fronteira. O seu primeiro poemario, *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), marcou novos rumbos poéticos a comezos da década dos 90. Tamén como poeta, publicou máis tarde *Tortillas para os obreiros* (1996), *Cidades* (1997), *Subversións* (2002), *Balada solitaria* (2004) -editado en Portugal con imaxes do fotógrafo portugués Renato Roque- e os libros-CD *O meu gato é un poeta* (2011), onde recita acompañado do acordeón de Xurxo Souto, e *Transición* (2011), onde o fai acompañado da poeta María Lado.

A súa poesía protagonizou o documental *Os ollos da cidade* (2002), de Lara Baceiros, e centra o espectáculo poético musical *O meu gato é un poeta*, que realiza co músico Xurxo Souto. Ademais, desenvolve espectáculos poéticos en solitario para cativos e adolescentes, como *A poesía é un globo*, *Maldita poesía*, *Connecting poetry*, etc.

Fran Alonso ideou e publicou *Poetízate* (2006), obra de referencia que, tras esgotar nin máis nin menos que 11 edicións, foi calificada como «unha antoloxía para vivir a poesía como unha rebelión». É así mesmo autor da compilación da obra poética de Antonio García Teijeiro *Un rato díxolle á lúa* (2013), e da biografía dos poetas María Mariño e Uxío Novoneyra. Xunto con Paco Souto e Miro Villar foi cofundador do proxecto poético Edicións do Dragón, e durante os anos 90 dirixiu a colección de poesía “Ablativo Absoluto” en Edicións Xerais de Galicia. Como narrador recibiu o Premio Blanco Amor de Novela en 1991 por *Tráiler* e publicou ata sete títulos máis que o fan un dos escritores máis activos da contemporaneidade galega.

*Cando choro,
fágoo sempre sobre os mapas,
para que chova sobre as cidades preferidas.
As cidades dos mapas,
aquelas que se poden percorrer
co perfil perdido da mirada,
e viaxar dunha a outra nun segundo,
abarcalas todas,
ou vivir en todas e en ningunha.
Son as cidades dos mapas,
as urbes sobre as que sempre choro
cando estou desconsolado.*



(FRAN
ALONSO)

Luns 30 de decembro
20:30

ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

